


FANZINE

do IES de Sabón

para XELA

ARIAS



1962, Ortoá,
LUGO

VIDE.

Convíдовos ó espectáculo de
non ser para ser de todo.

Vide que vos convido
a vos ver.

Ven que te reto


a te ver ti a ti desde ti en ti.

VIGO, anos
80

LIBRE





Were comes the ocean and the waves down by the sea...
Onde chega o océano e as ondas xunto ao mar



A palabra
É nada
Pero xa
Me devoraba

devoraba
Derrubei de min...¡tantos estantes quedásimos
e quilos de cráteres aboiando
agora mares martes xirados
ata vir dicirche sen sorpresa
agora: sónasme
Fíos
fíos de mar polas ventás
tódalas caras
e unha – só unha- túa
atravesada

V Festival da Poesía no Condado (1985)



INCÉNDIATE

á calor da


observación.

E repasa logo a ollada
no pouso
dos afectos.



•1986, Denuncia do equilibrio

INDEPENDENTE



TAL confundes verso e palabra,
así che estrago os pronomes.

Obrígate a traballo novo,
que tamén ti pinta-lo cadro que axexas.
Pintura de caracteres no fascinio do convencional,
se che convén.

ALIENADA morfoloxía dos deberes
tes por gloria a conquista do escaparate.

E tododios-entre seguro- están andando
je eu que posuía unha clave
dourada para as fugas!
(¿todo anxo é terrible?)
perdinme-recoñecinme-volvín perderme...
e este perder era un alucinar coa flaccida realidade

Compártome
Sei que no lonxe das parábolas das frases
Cortadas e os puntos a parte son só
Medos escorrentados polo teu corpo
Soberano dunha idea poderosa que
Tal vez suceda e eu non saiba
quen es ti
Cando te agardo (...)


UNHA copa, un fresco, o cine.
Un cigarro alabarado,
os pés na area.
Parece que perdura sabéreste así queda,
e asúme-la bendita expresión.
Mata-lo tempo.

O tempo...
¡que se perda!,
maino, diante nosa.



Rock and roll de alto voltaxe

1990, Tigres coma cabalos VALENTÍA



Nunca decidín ser poeta, foi
unha necesidade.

Guieiro

A NOVA TERRA 20

Un século, un día, un minuto, un nada...

Soio
Soio
Soio
Morreo morto
Nas rodas do tasmán
Soio
Suicidio
Nas entranhas da ténia
Soio
Santo de mare
Desvanecendo ideal
Soio.

Chove
mesto e miúdo
As gotas chaman á porta das hortas
Unha andurriña di que ten fame
Un home
di que ten presa
Chove
e o tempo vaire mollando.

a luz do sol
entra pola ventá
a esbarar
a vir
e nos detrás
falamos e fumamos
a esbarar
a vir
¿é fixar?
¿ou será chegar?
Soio sei que desde bebé
vir e esbarar.

ti eu
il e soio somos un,
neve no firmamento que nos engole
eu il
ti
e soio somos un,
longo camiño de estrelas
cunto tempo-reló de area
il ti
eu
e soio somos un,
a buscar outro e outro
pra ser un mais grande. *deito*

XELA e JOSÉ GUILHERMO
POEMAS DIBUXOS

N. 178/ DO 26 DE FEBREIRO AO 4 DE MARZO/ 1982.

Unha man alongaba pola terra e
un dedo postrado na rodilla
falareiche de noites agardando
no fetiche do rock
os teus silencios

de perder sentido/voluptosear
nas mesas dos cafés
soñando que eras outra
outra lonxe a parte
das caras
os ollos brazos que aquí

me van rozando e eu mirar
os peixes aniñados
e os cabalos ;os cabalos!
Patinando de verde neve
praza abaixo
ata perder
Valor
Amor: rompe a cláusula

Tigres coma cabalos (1990)



1996, Darío a diario

Invasión que se me convén fantástica.
Invasión sen ocasión.
Invadíuseme a vida de cuieros e biberóns, de roupiñas pequenas e xogueteiros de cores, de risas, choros, agarimos, agarimos.

Darío a diario.
A túa man ocupa un cuarto da miña xigante,
por iso detesto un pouco tantas palabras.
Todas para ti, ¡son a raíña parlante!,
¡emperatriz de sonidos guturais en diante!


NAI



Imos, meu ben, camiñar sereno pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos comeza-lo xeito da túa vida, e mírame, mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos dos teus días xunta min.

PORQUE contraes debes das
cos pasos que enlazas.

Tódolos bebés son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos nenos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos mozos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son *tu* e ningún coma ti.
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben que es único.



CONVIRÁS tamén no prezo
que che propoñen as procuras.
Pois volve en ti
cando te vexas gavea-las
sombros a observa-lo pasto
debruzado.

Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a esperanza
de aprenderche a te posuíres.

POIS sen medida compoñen os trastos
habitáculos históricos.



A unidade componse.
Da desorde.

Desordénome, amor,
e dou co punto
único
do centro dos abrazos.

Abrazo a desorde das ideas
e sei
que a unidade se compón.

A unidade componse.

A unidade componse.
Da desorde.

Desordénome, amor,
e dou co punto
único
do centro dos abrazos.

Abrazo a desorde das ideas
e sei
que a unidade se compón.


A unidade componse.

Da desorde.

Intempériome (2003)

A
Garímate.
A
Brázate.

E beirea leve
cun dedo a
ferida
máis recente.



Non deixes que se acumulen no máis profundo da túa gorxa
deixa que os sons se convirtan en verbas
e compárteos
que teñen séculos de evolución.
Un idioma lustroso que non oes berrar porque agoniza
arrincándolle xemido a xemido o fermoso.
Aínda que Manuel María díxoo mellor ca min:

Canto ó idioma galego

Idioma meu, homilde, nidio, popular,

labrego, suburbial e mariñeiro

que fas avergoñar

ó burgués, ó señorito i o tendeiro:

levas sangue do povo

e raigañas escuras

que anuncian un día novo

sin mágoas nin tristuras.

Idioma proscrito,

asoballado,

soterrado,

refugado,

negado

como a probeza i o delito,

fala do emigrante e do maldito:

soio resoas nos lares

das xentes populares.

¡Ti téis que rexurdir puro,

poderoso, enteiro

pra erguer noso futuro

de povo ausoluto e verdadeiro!

(Michelle López Míguez, 2º A)

COMPROMETIDA

Tiven unha lingua, o galego, desde que nacín e
na que me expresei

Xa non teño fala.

Despois de recorta-los
verbos quedei sen lingua
á que atender.

A nosa inmensidade remata
un centímetro á redonda.

Non fales comigo,
deixei á posta o código
nas escaleiras da entrada
ás casas.

Recortei, coma quen non o
quere, os ámbitos.

Case me perdo, meu, entre
os paseantes.

Así que, recortei os
ámbitos.

Agora teño o idioma
inclinado nas entrañas.

E perdín para botalo fóra
todo interese.

¿Que máis me ten que a
min me entendas?



SOLIDARIA


Así, aquí,
neste lenzo imaxinado e suxestivo:
non me sei se non me trato
aquí.

Non me sei se non te trato
aquí.

Non te sei
se non me trato
aquí.

Intempériome (2003)

Tal couza na estrutura do edificio
destruí-lo noxo,
o que te anoxa.
Coma un fío de auga quixeras
atravesalo todo,
regato
nos cons de illa ben dotada.



De certo, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta
números.

Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.

Pero ¡que ridículo!, ¿non?,
abraza-lo feito feliz de xa medrar
- camiñar ás aforas -
en tempos asepticamente tan
Alienados.

